



Dereitos - Human Rights

Dereitos - Human Rights traballa polo respecto aos dereitos humanos en todo o mundo. A principal tarefa consiste na socialización de información e análise sobre os dereitos humanos a través do internet e outros medios. Impulsan

xuízos contra violadores aos dereitos humanos e apoian o traballo de ONG locais e activistas



Globalización dos Dereitos Humanos

Globalización dos Dereitos Humanos é unha campaña mundial que promove a globalización máis necesaria: a dos dereitos humanos. O seu obxectivo é aproveitar o novo escenario mundial da Sociedade da Información e as novas tecnoloxías

para avanzar hacia o cumprimento efectivo da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.



Human Rights Watch

Human Rights Watch realiza investigacións sobre violacións aos dereitos humanos en máis de setenta países de todo o mundo. Defende a liberdade de ideas e expresión, o debido proceso e a igualdade ante a lei e promove o desenvolvemento

dunha sociedade civil forte; documentan e denuncian asesiñatos, desaparicións, tortura, encarceramento arbitrario, discriminación e outras violacións aos dereitos humanos.



IELSUR - Instituto de Estudios Legais e Sociais de Uruguai

IELSUR é unha organización non governamental, sen fins de lucro, constituída co propósito de defender os dereitos humanos, aplicando os instrumentos xurídicos nacionais e

internacionais e o seu estudo e promoción en forma interdisciplinaria, aos efectos de obter a súa plena vixencia



Informe 2006 sobre o estado dos dereitos humanos no mundo

Neste Informe de Amnistía Internacional documéntanse abusos contra os dereitos humanos, cometidos en 150 países e nel destácase a necesidade de que os gobernos, a comunidade

internacional, os grupos armados e outros axentes en postos de poder ou con influencia asuman responsabilidades. O Informe faise eco tamén da vitalidade de colectivos de activistas de dereitos humanos en todo o mundo, ya sexa a través de iniciativas locais, con ocasión de cumios de ámeto internacional ou en manifestacións masivas

LegadoSolidario

Campaña informativa sobre herencias e legados solidarios

Legado Solidario

Imaxina poder extender a túa solidariedade ás próximas xeracións. Imaxina contribuír a un futuro no que cada vez máis nenas e nenos medren sans sentíndose seguras no

seu entorno, poidan ir á escola e teñan unha oportunidade ao facerse maiores. Aquí atoparás datos prácticos de cómo organizar o teu testamento e deixar unha herencia ou un legado solidario.



Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación

O sistema de información e coñecemento sobre o dereito á alimentación é unha plataforma que apoia a realización progresiva do dereito a unha alimentación adecuada no contexto da seguridade alimentaria nacional. Os obxectivos do portal son: Sensibilizar sobre o dereito humano á alimentación. Facilitar orientacións, métodos e instrumentos que axuden a aplicar o dereito á alimentación a nivel nacional e Reforzar a capacidade a nivel nacional e internacional.



Organización Marroquí dos Dereitos Humanos

Os obxectivos da Organización Marroquí dos Dereitos Humanos son: Difusión e reforzamento da toma de consciencia dos dereitos humanos individuais e colectivos no campo socio-económico, cultural, civil e políticos. Ratificación do

conxunto das convencións internacionais relativas aos dereitos humanos e harmonización do dereito interno a dichas convencións.



PROVEA - Todos los derechos para todos - Venezuela